



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E AS ASOCIACIÓNS GALEGAS DE USUARIOS DE SOFTWARE LIBRE, PARA O DESENVOLVEMENTO DO SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, **dona Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (co NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e polo Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, as **Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre** que a continuación se identifican xunto coas persoas que os representan neste acto:

1. A **Asociación Informática Amigus** (en diante, Amigus) con domicilio a efectos de notificacións sito na Praza do Hospital, nº 14 de As Pontes de García Rodríguez (A Coruña) e con NIF G15910516, representada neste acto por don **Santiago Bellas Carballo**, na súa condición de presidente da asociación.
2. A **Asociación de fomento de investigación en tecnoloxías libres Bricolabs** (en diante, Bricolabs), con domicilio a efectos de notificacións sito na rúa Adelaida Muro, nº 18 Baixo – B de A Coruña (A Coruña), e co NIF G70391156, representada neste acto por don **Luis Felipe Llamas Luaces**, na súa condición de presidente da asociación.
3. A **Asociación Grupo de Amigos de Linux de Potevedra** (en diante Galpon), con domicilio aos efectos de notificacións sito na rúa Uruguai, nº 15 entre-B de Vigo (Pontevedra), e co





NIF G36924363 representada neste acto por don **Miguel Ángel Bouzada Fernández**, na súa condición de presidente da asociación.

4. A **Asociación Universitaria Grupo de Programadores y Usuarios de Linux** (en diante GPUL), con domicilio aos efectos de notificacións sito na Facultade de Informática, Campus de Elviña, s/n de A Coruña (A Coruña), e co NIF G15659220 representada neste acto por don **Saúl González Eiros**, na súa condición de presidente da asociación.
5. A **Asociación Tecnolóxica A Industriosa** (en diante A Industriosa), con domicilio aos efectos de notificacións sito na rúa Barcelona, nº 13 Baixo-Esquerda de Vigo (Pontevedra), e co NIF G27846609 representada neste acto por don **Luis Miranda Acebedo**, na súa condición de presidente da asociación.
6. A **Asociación de usuarios de software libre da Terra de Melide** (en diante Melisa), con domicilio aos efectos de notificacións sito na Rúa Taboada Roca, nº 4 1ª de Melide (A Coruña), e co NIF G70190269, representada neste acto por don **Rafael Rodríguez Gayoso**, na súa condición de presidente da asociación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, segundo o artigo 9.2 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, queda desconcentrada na titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.





Segundo.- Que as Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (en diante AGUSL) teñen comprendidas nas actividades recollidas no seu obxecto social contribuír ao desenvolvemento e progreso da Comunidade Autónoma de Galicia a través da difusión e potenciación das actividades relacionadas co Software e Hardware Libre así como a localización ao galego de aplicacións de Software Libre, substitución de ferramentas privativas por equivalentes libres e, con carácter xeral, a organización de xornadas, eventos, documentación de proxectos Software e Hardware Libre, etc.

Terceiro.- Que a Xunta de Galicia, ante o escenario dixital que nos rodea, motor dunha sociedade mellor, apostando por un modelo de crecemento vinculado á economía dixital –solidaria e inclusiva– e á transparencia e participación de todos os axentes implicados no desenvolvemento económico de Galicia, está a impulsar medidas dinamizadoras da economía galega.

Neste contexto, o sector das TIC galego debe converterse nunha das áreas produtivas claves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores. En particular, o software libre constitúe unha peza clave para facilitar o acceso á Sociedade da Información e do Coñecemento en condicións de igualdade, axudando á redución do problema ocasionado pola fenda dixital, ademais de permitir unha maior penetración do uso da lingua galega nas aplicacións informáticas e un maior desenvolvemento da industria local.

O 3 de decembro de 2020 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para tod@s, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental.

Así, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.





Cuarto.- Que a Amtega está a desenvolver unha política dirixida ao impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e comunicacións, e a aplicación destas de cara á modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Neste contexto, o software e o hardware libre constitúen pezas clave para facilitar o acceso á Sociedade do Coñecemento en condicións de igualdade, axudando á redución do problema ocasionado pola fenda dixital, ademais de permitir un mellor desenvolvemento da industria local. A velocidade de desenvolvemento da Sociedade do Coñecemento e as súas tecnoloxías asociadas pode provocar que determinados colectivos, que integran a nosa sociedade, se atopen con dificultades para acceder ás tecnoloxías das comunicacións quedando, polo tanto, en perigo de exclusión nos diferentes ámbitos da súa vida.

Quinto.- Que para levar a cabo a devandita finalidade se pretende a posta en marcha dunha serie de actuacións para o fomento do uso do software e hardware libre promovidas polas AGUSL, entre as que estarían:

- a) Organización ou participación activa en congresos, xornadas, conferencias, obradoiros ou eventos similares, de promoción e divulgación do software e hardware libre. A participación neste tipo de actividades deberá vir avalada pola importancia do evento nacional ou internacionalmente dentro da comunidade do Software Libre.
- b) Asistencia a congresos, xornadas, conferencias, obradoiros ou eventos similares de recoñecido prestixio dentro da comunidade do Software Libre.
- c) Elaboración de contidos divulgativos e/ou formativos, que deberán publicarse cunha licenza de documentación libre aprobada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Así mesmo, os fontes deste material deberán postos a disposición da devandita Axencia en formatos abertos para que poidan ser difundidos a través das canles precisas ao efecto.
- d) Desenvolvemento ou localización de proxectos de Software Libre que puidesen resultar de interese para a consecución dos obxectivos perseguidos neste convenio. Calquera software desenvolvido no marco deste convenio deberá ser publicado cunha licenza libre aprobada pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative e publicado no Repositorio de Software Libre de Galicia.





É evidente pois, que a achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación profesional nas tecnoloxías das comunicacións entre os profesionais e a sociedade en xeral.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Incrementar os contidos divulgativos en galego en Internet.
- Difundir e divulgar as vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.

Doutra banda, cómpre salientar que existe unha identidade entre os obxectivos das AGUSL e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrència pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, (DOUE 24/12/2013, L352/1).

En consecuencia, a Amtega e as AGUSL acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente Convenio de colaboración entre a Amtega e as AGUSL ten por obxecto o financiamento da realización de actuacións para o fomento do uso e divulgación do software e hardware libre en Galicia.

Este convenio enmárcase dentro das accións definidas na Estratexia Galicia Dixital 2030.





Segunda.- Descrición do proxecto

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

1. Organización ou participación activa en congresos, xornadas, conferencias, obradoiros ou eventos similares de promoción e divulgación do software e hardware libre. A participación neste tipo de actividades deberá vir avalada pola importancia do evento nacional ou internacionalmente dentro da comunidade do Software Libre.
2. Asistencia como público a congresos, xornadas, etc, de recoñecido prestixio dentro da comunidade do Software Libre.
3. Elaboración de contidos divulgativos e/ou formativos, no ámbito da cultura libre, que deberán publicarse cunha licenza de documentación libre. Así mesmo, as fontes deste material deberán ser postas a disposición Amtega en formatos abertos para que poidan ser difundidas a través das canles precisas ao efecto.
4. Desenvolvemento ou localización de proxectos de Software Libre que puidesen resultar de interese para a consecución dos obxectivos perseguidos neste convenio. Calquera software desenvolvido no marco deste convenio deberá ser publicado cunha licenza libre aprobada pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative e publicado no Repositorio de Software Libre de Galicia.

Terceira.- Obrigas das AGUSL

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, as AGUSL obríganse a:

- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, e as normas que a desenvolvan.
- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas na Xunta de Galicia.





- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Amtega.
- Entregar todo o material elaborado dentro do marco deste convenio de acordo co establecido na cláusula décimo novena relativa a dereitos de explotación e propiedade intelectual.
- Facer figurar expresamente o financiamento da Amtega como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.
- Ser titular e suxeito pasivo de tódalas obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Amtega co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
- As AGUSL comprométese a xustificar ante a Amtega todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.
- As AGUSL quedarán sometidas aos procedementos de control establecidos no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE 24/12/2013, L352/1).

Doutra banda, as AGUSL presentaron, previamente á sinatura do presente convenio, a través do procedemento PR601A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia :

- a) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante declaración responsable do seu representante legal.
- b) Declaración sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 3.2 do regulamento *de minimis*).





- c) Declaración de "outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades".
- d) Autorización á Amtega para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.
- Non obstante, calquera das asociacións poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento.
- e) Proposta preliminar do Plan de actividades a desenvolver no ámbito do convenio, de acordo coas actividades subvencionables descritas na cláusula segunda.

Cuarta.- Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e a data límite de xustificación do convenio.

Establécese un límite máximo do 25% do importe total de financiamento que lle corresponda a cada AGUSL para actividades do tipo 2 recollidas na cláusula segunda ("2. Asistencia como público a congresos, xornadas, etc, de recoñecido prestixio dentro da comunidade do Software Libre."). Así mesmo, establécese un límite máximo do 20% do importe total de financiamento que lle corresponda a cada AGUSL, cun importe máximo de 750€, para gastos derivados da elaboración de material de difusión (folletos, dípticos, CD, camisetas, etc.).

Os custos tales como dietas, viaxes, consumibles, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados polas AGUSL á actividade subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade. Á hora de determinar o importe dos gastos de locomoción considerárase a cantidade que resulte de computar 0,19 euros por quilómetro percorrido, máis os gastos de peaxe e estacionamento que se xustifiquen.





O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Con carácter excepcional, poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor para gastos de escasa contía ata un **importe total máximo** inferior a 1.000 euros, de conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, (DOUE 24/12/2013, L352/1), quedando condicionada polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:

AGUSL	Importe
AMIGUS	5.000 €
BRICOLABS	5.000 €
GALPON	5.000 €
GPUL	5.000 €
A INDUSTRIOSA	5.000 €
MELISA	5.000 €
TOTAL	30.000,00 €

No caso de que algunha AGUSL renuncie parcial ou totalmente á axuda por imposibilidade de executar as actuacións comprometidas, a Amtega poderá reasignar o orzamento entre as restantes AGUSL, de maneira proporcional.





Quinta.- Dirección, medios humanos e materiais

As AGUSL, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Amtega poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias da normativa vixente en materia de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

Sexta.- Orzamento e obrigas da Amtega

A Amtega financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 04.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Da indicada cantidade corresponderá un reparto inicial equitativo de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para cada Asociación.

O financiamento por parte da Amtega das actuacións obxecto do presente convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

O aboamento da achega antedita realizarase unha vez que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

Sétima.- Xustificación

10





As AGUSL presentará ante a Amtega a xustificación da subvención. O prazo para presentar a xustificación finaliza o **31 de outubro de 2022** e se presentará a seguinte documentación xustificativa, a través do procedemento PR601A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

- Solicitud de pagamento.
- Excepcionalmente, no caso de que o solicitante revogase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que está ao día nas súas obrigas, deberá achegar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidos na súa execución.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- Xustificación dos gastos realizados: documento con valor orixinal ou de copia auténtica das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e a data límite de xustificación.
- Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Excepcionalmente aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibo do provedor para gastos de escasa contía por un **importe total** inferior a 1.000 euros.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que houberen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.





- Declaración de calquera axuda obtida polo beneficiario baixo o réxime *de minimis* no presente ano fiscal e nos dous anteriores.
- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).
- Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vinculadas con el, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.
- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención ou, se é o caso, declaración responsable do carácter non recuperable do IVE máis declaracións trimestrais e compromiso de achegar o modelo 390 anual cando estiver dispoñible.
- Entregar cuberto o modelo de recompilación de datos, que aparece recollido como Anexo I do presente convenio.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, a Amtega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Oitava.- Pagamento

O aboamento da achega económica realizarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación por importe non superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, de conformidade co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Previa solicitude de cada asociación, poderá procederse a un anticipo de ata o 50% do importe máximo de financiamento, baixo as seguintes condicións:





- a) Aboarase trala presentación da cada asociación do Plan definitivo de actuacións que recolla as actividades a desenvolver, de acordo coas actividades subvencionables descritas na cláusula segunda.
- b) O prazo para presentar a solicitude do anticipo, rematará o 28 de setembro de 2022.

Quedan exonerados da constitución da garantía os beneficiarios das subvencións concedidas das cales os pagamentos non superen os 18.000 €, de acordo co artigo 65º.4.i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos termos establecidos no citado Decreto 11/2009, se o beneficiario solicita anticipo e/ou pagamentos a conta por un importe acumulativo superior a 18.000,00 €, estará obrigado á presentación do xustificante acreditativo da constitución da garantía mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca e que ten que ser depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia. A devandita garantía deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta e polo prazo que medie entre a data de presentación do xustificante acreditativo da constitución de garantía e, como mínimo, aquel en que se cumpran dous meses desde o final do prazo de xustificación. A garantía será liberada unha vez xustificada e comprobada a realización do investimento ou a actividade obxecto de axuda, segundo se establece no artigo 67º do mencionado Decreto 11/2009.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados non poderá ser superior ao 80% do importe máximo do convenio.

O pagamento realizarase sempre previo informe de conformidade da Área de Sociedade Dixital da Amtega.

Novena.- Minoración da subvención

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto. Esta minoración da subvención implicará a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe da mesma.





Décima.- Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.
- c A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

Décimo primeira.- Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición





das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. No caso de persoas interesadas que, de acordo coa normativa básica, estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Décimo terceira.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Amtega e dous representantes das AGUSL, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

15





- Pola Amtega, a persoa titular da Dirección ou persoa na que delegue, e a titular da Dirección da Área de Sociedade Dixital, ou persoa que a substitúa.
- Polas AGUSL, dous membros que estas elixirán de entre os representantes das distintas asociacións, e que comunicarán puntualmente á Amtega.

Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Dirección da Amtega, que terá voto de calidade, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

Décimo cuarta.- Publicidade

As AGUSL consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo coa Disposición Adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Asemade tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no punto 4 do artigo citado.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo quinta.- Resolución





O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

Décima sexta.- Modificación da concesión

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.
2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, a persoa titular da Dirección da Amtega poderá acordar a modificación do convenio a instancia do beneficiario sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
 - b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
 - c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.
3. O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Dirección da Amtega, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, ata **o 28 de setembro de 2022**. De non facelo poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.
4. A conformidade expresa da Amtega ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da Área de Sociedade Dixital da Amtega, e só será outorgada cando non se alteren significativamente o proxecto inicial e se cumpran os requisitos antes indicados.





5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Dirección da Amtega logo da instrución do correspondente expediente ao cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima sétima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Amtega.

Décima oitava.- Interpretación

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Amtega ostenta a prerrogativa de interpretar, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Décimo novena.- Dereitos de explotación e propiedade intelectual

A documentación e o material elaborado dentro do marco deste convenio deberá poñerse a disposición da sociedade en xeral, así como da entrega de copia da documentación á Amtega, con licenzas de documentación libres aprobadas pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative, preferentemente coa licenza Creative Commons Recoñecemento – Compartirlgual (**CC-BY-SA**).

As AGUSL deben garantir que obtivo, no caso de ser necesario, o permiso dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual ou do seu representante legal, para utilizar fragmentos de textos, ilustracións, mapas, sons, vídeos, gráficos ou outros elementos incluídos na obra ou obras entregadas.





As AGUSL deberán facer dispoñible, no caso de que a obra final sexa obtida mediante compilación ou procesamento dun ficheiro fonte ou varios, todos os ficheiros necesarios para xerar a obra, baixo as mesmas condicións que a propia obra.

A obra debe empregar formatos e estándares abertos e non deben existir restricións técnicas ou outro tipo de restricións ou limitacións que limiten as liberdades de uso, estudo, copia, cambios, realización de melloras, distribución total ou parcial da obra e das súas modificacións.

De ser o caso, o código fonte das aplicacións desenvolvidas no ámbito deste convenio deberán poñerse a disposición da sociedade en xeral e da Amtega cunha licenza compatible coa definición de Software Libre ou de Fontes Abertas segundo o Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, asegurando que os programas, datos ou información que se comparten:

- a) Poden executarse para calquera propósito.
- b) Permiten coñecer o seu código fonte.
- c) Poden modificarse ou mellorarse.
- d) Poden redistribuírse a outros usuarios con ou sen cambios sempre que a obra derivada manteña estas mesmas catro garantías.

As AGUSL resérvanse o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio facendo constar o financiamento da Amtega.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

Vixésima.- Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexerese por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se





modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE 24/12/2013, L352/1).

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

A directora da Amtega

Asdo.: Mar Pereira Álvarez

Asociación Bricolabs

Asdo.: Luis Felipe Llamas Luaces

Asociación GPUL

Asdo.: Saúl González Eiros

Asociación Melisa

Asdo.: Rafael Rodríguez Gayoso

Asociación Amigus

Por Delegación

Asdo: Luis Angel Díaz-Faes Santiago

Asociación Galpon

Asdo.: Miguel Ángel Bouzada Fernández

Asociación A Industriosa

Asdo.: Luis Miranda Acebedo





ANEXO I

INDICADORES A CONSIDERAR PARA O CUMPRIMENTO DOS OS OBXECTIVOS DO CONVENIO:

- Nº total de asistentes ás xornadas, obradoiros e seminarios.

OUTROS INDICADORES A CONSIDERAR A EFECTOS ESTATÍSTICOS NO RELATIVO A "Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020", "Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes", "Plan Galego de Persoas Maiores":

- Nº de asistentes por rango de idade e por sexo ás xornadas, obradoiros e seminarios.
- Nº de persoas asistentes, por sexo, con discapacidade ás que se facilitase a accesibilidade ás xornadas, obradoiros e seminarios.
- Nº e tipo de medidas adoptadas para mellorar a accesibilidade de persoas con discapacidade ás xornadas, obradoiros e seminarios



